



**D. JOSÉ IGNACIO LÓPEZ LÓPEZ, Secretario-Interventor do Concello de As Nogais (Lugo)**

**CERTIFICO.-** Que por resolución da alcaldía de data seis de outubro de dous mil dezasete, adoptouse o seguinte acordo:

### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E CONVOCATORIA PRIMEIRO EXERCICIO**

Vista a resolución da Alcaldía, do día tres de outubro, na que se aprobaba a lista provisional de admitidos e excluídos da convocatoria en relación coas probas de selección de persoal da praza vacante de operario de servizos múltiples no cadro de persoal municipal.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional de aspirantes e unha vez examinadas as alegacións presentadas polos aspirantes excluídos da convocatoria.

De acordo coas bases da convocatoria aprobadas xunto coa convocatoria en resolución da Alcaldía, do 31 de agosto de 2017, e conforme o establecido no artigo 233.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, en relación co artigo 20 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e no artigo 21.1.g), da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local,

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Que se estimen as alegacións presentadas por *Adrián Fernández Vila* en relación co expediente de selección de persoal para cubrir a praza vacante de operario de servizos múltiples neste municipio. En consecuencia, introducíranse no expediente as modificacións indicadas no dito informe.

**SEGUNDO.** Que se aprobe de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos da devandita convocatoria:

---

**Concello de As Nogais**

C/ Rosalía de Castro, s/n, As Nogais. 27677 (Lugo). Tfno. 982364092. Fax: 982364150



RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDOS:

<u>APELIDOS E NOME</u>	<u>NIF</u>
Eiras Redondo Adrian	33538791F
López Asenjo Marcial	33340992P
Rodríguez Cabañas Miguel	33336523R
Ruíz Mourín Demetrio	76580187P
Fernández Vila Adrian	33536804k

EXCLUÍDOS: Ninguén

**TERCEIRO.** A realización do **primeiro exercicio comezará o día 17 de outubro de 2017**, ás **10:30 horas**, no Salón Multiusos do Centro Sociocultural en As Nogais. Os aspirantes deberán presentar a documentación de acreditación persoal.

**CUARTO.** Que se publiquen no taboleiro de anuncios do Concello así como na páxina web municipal ([www.concelloasnogais.es](http://www.concelloasnogais.es)), a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos, para os efectos oportunos, e a *data de convocatoria para o primeiro exercicio*.

Para que así conste expido o presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente, en As Nogais, a seis de outubro de dous mil dezasete.

\*Documento asinado electrónicamente.